

Apresentación

Neste número, cuarto e último do ano 2005, sob a epígrafe **Esculca** damos noticia do *II Encontro en Defensa dos Dereitos e Liberdades* organizado pola nosa asociación, que tivo lugar en Vigo o pasado mes de Novembro e versou sobre o Dereito de Acceso à Información. Damos tamén noticia da campaña que agora iniciamos encamiñada à consecución de leis que recoñezan este dereito así como da participación de **Esculca** en varias actividades –dentro e fora da Galiza– relacionadas con a situación nos cárceres e as medidas pendentes para a erradicación da tortura.

Na sección **Análises e Relatórios** incluimos os textos das conferencias que pronunciaron no Encontro de Vigo Marc Carrillo (Universidade Pompeu Fabra): *O Dereito à Información e os Dereitos do Público, e Ben Hayes (Statewatch): Acceso à Información ou Dereito à Información?*, así como unha análise das modificacións introducidas na lexislación como consecuencia da aprobación da Lei Anti-terrorista en procesos como o seguido contra tres sindicalistas de CC.OO. que impediron a celebración do pleno municipal en que se debatía o futuro de ENCE (*Todos terroristas?*). Tamén neste apartado incluimos o relato da detención de varias persoas supostamente vinculadas con a organización xuvenil AMI (*A Guarda Civil e o poster do Che*) narrado por unha testemuña de excepción: o advogado Guillermo Presa Suárez, Vice-Presidente de EsCULcA.

En **História dos Dereitos Humanos** publica-se a derradeira entrega deste percorrido pola conquista, balizada de vitórias e derrotas, dos dereitos cuxa pervivencia hoxe sentimos en perigo nas sociedades occidentais: *O contraditório século XX*.

Na sección de **Noticias** dá-se conta da reincorporación aos seus postos de traballo de axentes condenados por tortura (*Indulto para axentes condenados por tortura*), da pouca transparencia que existe na Galiza en torno à información medio-ambiental, regulada por lei (*A información medio-ambiental*), do nacemento de un novo observatorio (*Observatorio Dereitos Lingüísticos*), da convocatória do I “Certame Dereitos Civis en Galiza”, do seguimento pola Comisión de Xuristas dos procesos do Sumario 18/98, da denuncia de varias asociacións contra a expulsión de menores (Denuncian repatriación ilegal de menores) ou do acontecido na fronteira española con Marrocos (*Investigar as mortes no Valado de Melilla*), da terrível situación do pobo iraquiano (*Iraque: danos na población civil*), da censura na Cimeira Mundial da Información, da creación de unha importante Rede Europea para a Defensa das Liberdades Públicas, das insólitas carências de formación e información dos soldados americanos que interrogan e torturan as persoas detidas nos territorios invadidos (*Como nos filmes*), do debate no Parlamento Europeo do proxecto de retención masiva de datos persoais e do rexisto obrigatorio de todas as asociacións sen ánimo de lucro, do nomeamento como membro do Comité Europeo para a Prevención da Tortura de Celso Manata, persoa moi coñecida en Portugal polo seu escandaloso comportamento (*Nomeamento inadmisível*), do coñecemento do goberno de Schröder do secuestro e entrega pola CIA de cidadáns alemáns a outros países para seren torturados (*Os vóos da CIA*), das perspectivas do Protocolo Facultativo, da importante resolución dos Lordes do Reino Unido en contra da admisión de probas obtidas sob tortura (*Con ou contra*) e do *Asalto à prensa* que lidera o goberno Bush.

Por fin, en **Biblioteca**, damos noticia de unha interesante serie de ensaios publicada polo *Instituto Federal de Acceso a la Información* de México sobre a teoría e a práctica do exercicio deste dereito, así como de varios folletos explicativos dirixidos a un público máis amplo para facilitar os trámites de solicitude de información.

E
S
C
U
L
C
A
D
E
B
O
L
E
T
I
N
N
º
1
1
E
S
C
U
L
C
A
P
R
O
P
I
E
T
A
R
I
O
L
I
B
E
R
D
A
D
E
S

BOLETÍN N.º 11 | esculca@esculca.net | www.esculca.net | aptdo correos 2112.36208 VIGO



EsCULcA

II ENCONTRO EN DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES:

O DIREITO DE ACESSO À INFORMACIÓN

Entre os días 16 e 18 de Novembro tivo lugar en Vigo o II Encontro organizado por EsCULCA, que esta vez versou sobre O Dereito de Acceso à Información.

Pretendia-se abrir o debate sobre a opacidade dos poderes públicos, os seus mecanismos e os intereses que a sustentan. Pretendia-se tamén, mui especialmente, indagar nas posibilidades legais que existen no noso país de exercer este dereito, trazar unha panorámica da situación no mundo e mostrar os beneficios que para a sociedade galega decorrerían de un maior coñecemento das actuacións dos diferentes poderes públicos.

Para isto EsCULCA contou con a participación de representantes de asociacións europeas e americanas (Ben Hayes do *Statewatch*, Helen Darbshire de *Open Society*, Javier Casas del *Instituto Prensa y Sociedad*), directores de medios de comunicación galegos (Anxo Quintela, Director de *Vieiros*), recoñecidos xuristas como Marc Carrillo (Departamento de Dereito da Universidade Pompeu Fabra) e representantes de grupos de estudo e asesoramento (Juan José Cordero de *Sustentia*).

O traballo con os representantes dos grupos que participaron no Encontro completou-se con algunhas actividades públicas, entre as que destacan as conferencias celebradas no Centro Cultural Caixanova de Vigo. Na sección Análises e Relatórios reproducimos o texto das intervencións de Marc Carrillo e Ben Hayes.

A CAMPAÑA DE ESCULCA

Por outra parte, EsCULCA presentou aos medios de comunicación a campaña que puxo en marcha para lograr a elaboración e promulgación dunha lei de ámbito galego que garanta o acceso à información en poder das institucións públicas ou de empresas privadas que fornecen servizos públicos. Fernando Martínez Randulfe, Presidente de EsCULCA, deu conta das xestións realizadas en entrevista con o Sr. Quintana, Vice-Presidente do Goberno Galego, e con representantes do Coléxio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Sindicato de Xornalistas Galego. Así mesmo informou das actuacións que a nosa asociación ten previsto realizar no futuro inmediato, entre elas a entrevista que manterá en breve con a Sra. Villarino, Presidenta do Parlamento Galego e con representantes dos tres grupos parlamentares da cámara galega.

Tamén deu conta o Presidente de EsCULCA das iniciativas da nosa asociación para preparar, con outros colectivos que traballan polo recoñecemento deste dereito, a campaña pola elaboración e promulgación dunha lei de ámbito estatal.

A SITUACIÓN NOUTRAS COMUNIDADES DO EE

No decurso desta conferencia de prensa foron así mesmo presentados por Juan José Cordero os resultados do relatório elaborado por *Sustentia*, insistindo o representante desta organización na escasa transparencia das institucións examinadas na comunidade de Madrid.

MEDIDAS AINDA PENDENTES

O 7 de Decembro, en nome da Coordinadora para a Prevención da Tortura, o Presidente de EsCULCA, Fernando Martínez Randulfe, dirixiu un escrito ao presidente do Goberno Galego, Sr. Pérez Touriño, e à Presidenta do Cámara, Dona Dolores Villarino, solicitando insten o goberno español a tomar as medidas que reiteradamente solicitan os organismos internacionais, as asociacións de defensa dos dereitos e as liberdades e os propios órganos legislativos españois para erradicar a tortura en todo o territorio do estado, lembrando o mandato do Congreso e o Senado ao goberno para que este ratifique e poña en funcionamento de inmediato o Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura.

A Coordinadora para a Prevención da Tortura enviou así mesmo escrito ao presidente do Goberno Español, Sr. Zapatero, lembrando-lle a necesidade de axilizar os trámites para evitar que continuen producindo-se este tipo de delitos por funcionarios do estado e recordando-lle que este ano o 10 de Decembro (Día Internacional dos Dereitos Humanos) foi consagrado à luta contra a tortura.

SAÚDE E PRISIÓN

A Coordinadora Estatal de Solidariedade coas Persoas Presas realizou este ano en Galiza o seu encontro anual os días 29 e 30 de Outubro.

No decurso deste encontro en que tamén participou EsCULCA, organizou-se a marcha a un dos macro-cárceles galegos que terá lugar o día 17 de Decembro. Tamén foron analizadas algunhas propostas de traballo, entre elas as xestións que se farán en breve con os tres grupos do Parlamento Galego, aos que se transmitirán os problemas mais acuciantes da poboación reclusa galega e as medidas que urxe tomar para paliar as graves deficiencias das cadeas radicadas no noso país e eliminar totalmente a práctica de tortura e maus tratos.

Tamén se examinou a situación do cárcere de Nancles de Oca, traballou-se na organización dunha concentración que terá lugar o próximo mes de Xaneiro diante dun Centro de Menores galego e decidiu-se apoiar o manifesto en contra da construción de macro-cárceles.

XORNADAS EN BARCELONA

No próximo mes de Febreiro, os días 3 e 4, a Coordinadora para a Prevención da Tortura organizará en Barcelona unhas xornadas en que participará EsCULcA como membro activo desta plataforma.

As sesións de traballo estarán centradas na implantación no Estado español do Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura das Nacións Unidas e no cumprimento das recomendacións que para erradicar esta práctica delituosa fixeron en múltiples ocasións diversos responsábeis de organismos internacionais. O último, por agora, o Comisionado do Consello de Europa para os Dereitos Humanos (Sr. Gil-Robles) que, após a visita que realizou o pasado mes de Marzo a varias comunidades autónomas do Estado, elaborou un relatório en que recomenda mais unha vez ao goberno tomar de inmediato medidas preventivas.

Nestas Xornadas, que contarán con a presenza de Theo van Boven, Relator Especial para a Cuestión da Tortura da ONU até hai uns meses, serán abordados os seguintes asuntos: Detención, incomunicación e encarceramento; O papel dos tribunais; Discriminación e tortura; Sociedade, medios de comunicación e tortura e Mecanismos de superación da tortura. A seguir, antes do plenário de encerramento das xornadas, os participantes terán un encontro de traballo con o propio Theo van Boven.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

O DIREITO À INFORMACIÓN E OS DIREITOS DO PÚBLICO

Marc Carrillo

O DIREITO À INFORMACIÓN NO ESTADO DEMOCRÁTICO

Con a aprobación da Constitución Española (CE), o rexime dos dereitos e liberdades recuperou as características esenciais que han de manter nunha sociedade democrática. A supresión do sistema de control preventivo propio das sociedades autoritarias sobre os dereitos à liberdade de expresión e à libre información, supuxo a supresión da censura prévia así como a interdicción da intervención administrativa impeditiva da difusión de publicacións ou de programas áudio-visuais, isto é, do

secuestro administrativo. Portanto, o único poder público habilitado para no seu caso limitar o exercicio destes dereitos através de medidas cautelares motivadas é a autoridade xudicial. Esta é a tradición liberal que a CE recupera, completada pola incorporación de novos contributos que son consecuencia do constitucionalismo surtido após a segunda guerra mundial.

O papel que os dereitos e liberdades exercen nas Constituicións posteriores a 1945 viu-se acentuado polo relevo institucional da xurisdición constitucional, especialmente naqueles supostos, como acontece no caso español, en que o Tribunal Constitucional (TC) é à vez o supremo tribunal de garantía dos dereitos e liberdades fundamentais. O Tribunal converteu-se no punto de referencia interpretativo básico ou indeclinável, através das súas resolucións ditadas para resolver os recursos de amparo cuxa xurisprudencia vincula os xuíces e tribunais ordinarios. Así se deduz, da eficacia xurídica da CE (Art. 9.1.) e de acordo con a mesma prescreve de forma taxativa o artigo 5.1 da LOPX.

SINAIS DE IDENTIDADE

É evidente que o que diga o TC sobre liberdade de expresión e dereito à información nun contencioso frente ao dereito à intimidade non pode pasar despercebido para os órganos dependentes do Poder Xudicial. Mais, para alén do relevo da xurisdición constitucional, o dereito à información no constitucionalismo do Estado liberal democrático presenta outros sinais de identidade que convén sintetizar.

1. O recoñecimento singularizado do dereito a comunicar e recibir información como un dereito fundamental derivado da liberdade de expresión, mais dotado da súa propia especificidade baseada no feito de a información ser sobretudo transmisión de feitos. Por esta razón a titularidade deste dereito non só corresponde ao profesional da información senón tamén a calquer persoa, entidade ou colectivo social que pode transmitir a súa versión sobre feitos acontecidos.

2. A consideración da liberdade de expresión e do dereito à información non apenas como dereitos subxectivos de liberdade a respecto dos poderes públicos e os particulares, senón tamén como elementos obxectivos da sociedade democrática.

3. O recoñecimento constitucional ou ben por lei dos dereitos específicos dos profesionais da información: o dereito à cláusula de consciencia e ao segredo profesional. Así, por exemplo, na Franza foron recoñecidos por unha lei de 1935; e en Aústria, muito mais tarde, por unha lei de 1981 que regulou un modelo de cláusula de consciencia de maior alcance obxectivo, encanto noutros países ambos os dereitos obtiveron algunha cobertura normativa através dos convénios laborais de traballo. En España, o recoñecimento xurídico atinxiu o máximo grao através da súa incorpo-

ración ao texto constitucional en 1978 que xa na altura os fixo esixíveis directamente perante os tribunais. Mais recentemente, através da Lei Orgánica 2/1997, regulou-se o rexime xurídico da cláusula de consciéncia.

4. A consecuencia deste proceso de constitucionalización da información foi a mudanza experimentada na posición do xornalista no proceso informativo. De acordo con a xurisprudéncia constitucional, o xornalista actua como un suxeito e como un instrumento da libre expresión, condición que, se ben non atribuí ao xornalista un privilexio especial, si lle permite dispor de unha protección xurídica adicional.

5. A liberdade de expresión e o dereito à información tamén se viron afectados polo proceso de integración do dereito europeo no dereito español. A cláusula de internacionalización prevista no artigo 20.2 CE, supuxo a asunción como referente interpretativo, non só dos Tratados, Convénios e Acordos validamente asinados por España, senón tamén a incorporación ao acervo xurisprudencial da mui importante doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo sobre os dereitos do Artigo 10 (Liberdade de expresión) e do Artigo 8 (Dereito ao respecto à vida privada e familiar) recoñecidos polo Convénio de Roma de 1950.

6. Os poderes públicos acentuaron a súa capacidade de intervención sobre os meios de comunicación. A noción de servizo público atribuída aos medios de comunicación áudio-visuais e a atribución de interese público a unha parte da súa actividade, fixo que se reservase à lei a organización e o controlo parlamentar dos medios de comunicación de titularidade pública. Así como que se regulase o acceso aos mesmos de todos os grupos políticos, sociais e lingüísticos, de acordo con criterios de pluralidade e proporcionalidade.

7. A necesidade de establecer un controlo independente dos medios áudio-visuais públicos e privados, permitiu a institucionalización de entes específicos como os chamados Consellos do Áudio-Visual, configurados como autoridades administrativas independentes. Trátase de entes de dereito público, dotados de autonomía orgánica e funcional, que lles permite dispor de potestade normativa propia para ditaren instrucións con valor de disposición xeral e así mesmo exercerem a potestade regulamentar.

As previsións establecidas na CE sobre os límites a liberdade de expresión e o dereito à información responden a unha noción dos dereitos fundamentais baseada na súa condición de dereitos non absolutos. A referencia específica ao límite que supón o respecto aos dereitos da personalidade do Artigo 18.1, así como à protección da xuventude e da infancia, non significa que o constituínte dotase estes últimos dunha especial protección. Mais ben, o que o constituínte pretendeu foi subliñar que é en relación con os dereitos da personalidade, o ámbito onde poden ubicar-se os conflitos mais frecuentes con os dereitos recoñecidos polo Artigo 20.1 a) e d) da CE.

ACEO À INFORMACIÓN OU DIREITO À INFORMACIÓN?

Ben Hayes

“Tomar decisións de maneira aberta, transparente e responsábel é esencial nun sistema democrático. O secretismo produz desconfianza, cinismo e apatía entre os cidadáns e conduz ao autoritarismo dos representantes políticos.”

Tony Bunyan “Secretismo e abertura na UE – a luta actual polo dereito à información”.

A UNIÓN EUROPEA

Dos vinte-e-cinco estados membros da UE unicamente nove teñen normas de acceso à información acordadas con os estándares que os expertos consideran satisfactorios. E a propia Unión aínda tem muito camiño por diante.

Para aquelas persoas que non coñezan *Statewatch*, gostaria lembrar que a nosa asociación, fundada en 1990, traballa no ámbito da defensa das liberdades públicas e leva feito un importante labor de controlo da política de Interior e Xustiza na UE, o que significa que leva traballado muito en prol da transparéncia da Unión Europea.

En 1996 presentamos perante o Ombudsman Europeo unha reclamación por se nos ter negado o acceso a determinados documentos da Unión. Aquela foi a primeira das oito contra o Consello da UE en que o fallo, favorable à nosa reclamación, deu como resultado o establecemento de novos dereitos para todas as solicitudes posteriores.

Mais tarde, en 1999, xunto con outros grupos (entre elas a Federación Internacional de Xornalistas, a Oficina Meio-Ambiental Europea e o Servizo Consultivo da Cidadanía Europea) desenvolvemos unha campaña durante o proceso de negociación da Regulación do Acceso aos Documentos da CEE que daría lugar à Norma 1049/2001/EC, adoptada en 2001.

Como facilmente se deduz do título que dei à miña charla, creio que hai unha diferenza crucial entre o acceso a documentos e os sistemas de pleno dereito à información.

A utilidade do acceso a documentos depende, en primeiro lugar, da transparéncia das institucións –isto é da información prévia que estas proporcionen pois, para reclamar o acceso a un determinado documento, é condición necesaria saber que documentos existen e cal deles nos interesa.

Ao contrario, o Dereito à Información, non requere coñecemento previo da documentación que existe (ou, polo menos, requere apenas coñecimentos básicos). A responsabilidade de localizar e fornecer o material pertinente recai sobre a propia institución.

Trátase de unha diferenza fundamental. Se se debilita o dereito a perguntar, o “dereito a acceder” perde significado.

TRANSPARÊNCIA

Os responsáveis políticos europeos tiveron de sempre unha visión un tanto estreita da “abertura”, alicerzada nunha non menos estreita visión da transparencia. Na UE pensa-se que canta maior sexa a información ofrecida ao público, maior será a implicación deste e maior abertura –e nese sentido maior lexitimidade- terá a propia Unión. No entanto, infelizmente, a práctica non corresponde à teoría. Lembre-se senón o acontecido con o Tratado da Unión.

O rexisto público de documentos do Consello representa o paso máis significativo, en termos de transparencia, dado até agora e é, sen dúbida, unha importante fonte de información. Desde 1999, incluíndo todas as linguas, foron incorporados a este rexisto máis de 600.000 documentos! Porén, na rede están dispoñibles menos de dous terzos (62,8%). Para acceder aos outros é preciso cursar unha solicitude.

Tamén o Parlamento Europeu, a máis aberta das tres grandes institucións da UE, fixo algúns progresos. Mais o mesmo non se pode dicir da Comisión Europea, cuxo rexisto público non pasa de ser, polo menos comparado con o do Consello, unha simple anedota. A Comisión admite abertamente que este rexisto só incluí parte dos documentos que produz, o que supón unha infracción inaceitábel da normativa adoptada hai xa catro anos.

INFORMACIÓN INSTITUCIONAL

Que tipo de información proporcionan estas institucións? Como norma, publican-se (na rede e no diário oficial) todas as propostas legislativas formais así como todas as medidas adoptadas, mais non as normas de rango inferior (Resolucións, Conclusións, Recomendacións, etc.) que poden ter, no entanto, influencia decisiva à hora de orientar o desenvolvemento das políticas da UE.

E que acontece con os outros aspectos do proceso político? Que acontece con as primeiras decisións que levan a desenvolver unha determinada política e os textos preparatorios que dan forma ao contido da proposta? E con o proceso legislativo –emendas e correccións- e a posición dos diferentes estados membros e as institucións da UE?

Para quen estiver interesado en coñecer a orixe unha determinada política, a razón de se ter preferido unha ou outra alternativa, etc., estes documentos previos son decisivos. Antes de pasar a examinar o problema do acceso a este tipo de documentos na UE, vou ilustrar con un exemplo por qué este aspecto oculto do proceso de tomada de decisións resulta crucial.

SISTEMA DE INFORMACION SCHEGEN (SIS)

Imaxinemos, por exemplo, que hai aquí persoas interesadas no desenvolvemento do Sistema de Información Schengen –a base de datos da UE para os controlos

policiais e de inmigración- e máis en concreto, no desenvolvemento do SIS II – o Sistema de Información Schengen de segunda xeración –que *Statewatch* alcuñou como o Grande Irmao Europeu

UN ESAXERO? VEXAMOS.

As propostas legislativas para o SIS II foron desclasificadas pola Comisión hai agora cinco meses. Mais a construción do SIS II comezou hai xa quase ano e medio e o premio era un contrato de 40 millóns de euros. Isto foi posible porque o Consello e a Comisión tiñan acordado previamente as características técnicas básicas –mesmo as categorías de persoas e datos que deberían ser rexistados- antes da promulgación formal da normativa (os estados membros limitáronse a manifestar o seu acordo con as Conclusións do Consello de 2002, 2003 e 2004). O proceso foi anti-democrático de principio a fin: non se consultou o Parlamento Europeu nen os Parlamentos dos estados membros.

Para entender este proceso é preciso analizar os memorandos das reunións ordinarias dos tres grupos de traballo do Consello responsables do SIS II e examinar moitos outros documentos. Os máis antigos mostran que as condicións do SIS II foron acordadas sobre a base dos desexos das diferentes policía para iren despois evoluindo ao longo de tres anos. Seguir o rasto desa evolución resulta moi esclarecedor.

Tamén é necesario examinar os memorandos do grupo de traballo SIS II da Comisión Europea, onde pode comprobar-se como se decidiu –arbitrariamente- construír unha plataforma técnica única para os datos biométricos no SIS II e o Sistema de Información de Visados. Ten isto algunha importancia?

Ten, porque esta “plataforma”, segundo o proxecto que xa existe, está chamada a conter as impresións dixitais e outros pormenores privados de todas as persoas que soliciten pasaporte, permiso de residencia, visto de entrada ou asilo político. Desta feita, a maioría das persoas da UE ficará rexistada no que acabará converténdose, para todos os efectos –nomeadamente policiais- unha base de datos da poboación da UE. Grande parte desta lexislación está xa en vigor.

De todo isto existen documentos nas institucións da UE e é posible encontrar na rede os textos máis importantes. Quen saiba o que ten que pedir, pode solicitar (Regulación 1049/2001/EC) acceso aos documentos dos desenvolvementos máis recentes (que aínda non están na rede).

Mais, con todos os respellos, a menos que se teña un coñecemento sólido da forma como traballa o SIS e da linguaxe e procedementos da UE, moitos dos documentos a que se pode ter acceso carecen de importancia. Quen tiver suficiente experiencia nestes asuntos, comprobará inmediatamente que moitas das decisións políticas chave –a

maioría con importantes repercusións nas liberdades públicas e na protección de datos— son tomadas nos corredores do poder en Bruxelas sen o mais mínimo control democrático.

Aumentar o número de documentos a que podemos acceder non repercute necesariamente nunha maior transparencia na xestión destas institucións. Ao contrario, a complexidade dos procesos de tomada de decisións na UE converte-se nunha barreira contra a transparencia. Transparencia significa que as persoas entendan as decisións que se toman no seu nome.

Por muito que se teñan posto na rede millóns de textos ao dispor do público, o único que se fixo foi “abrir” o proceso aos expertos. E, mesmo así, moitos dos documentos máis importantes non son públicos. As regras da UE de acceso a documentos non ofrecen garantías de que a persoa que curse unha solicitude teña a certeza de recibir a información que busca, aínda no caso de ter identificado exactamente os documentos que procura. Este é un problema xeral con o sistema de “acceso a documentos”.

A REGULACIÓN 1049/2001/EC

Esperava-se que a Regulación 1049/2001/EC consagrara o dereito do público ao acceso a documentos da UE máis a final limitou-se a recoller as disposicións xa existentes –con as emendas introducidas polas resolucións dos tribunais europeos e as normas administrativas do Ombudsman— incorporando portanto as deficiencias do sistema anterior e consagrando un dereito moi limitado.

O lema das institucións da UE durante os dous anos que levou elaborar, negociar e adoptar a Regulación (se exceptuarmos os estados nórdicos e unha admirábel minoría de parlamentares) resume-se en tres palabras: “espazo para pensar”. *Statewatch* e outras organizacións argumentaron, e continúan a argumentar, que espazo para pensar significa espazo para actuar fora do control público e parlamentar. Como afirma un antigo comisionado: “Non é amor ao secretismo, é que resulta moito máis fácil chegar a acordos sen testemuñas” (Neil Kinnock).

A Regulación e a súa posta en práctica trouxo consigo un bon número de problemas. En primeiro lugar, están as “excepcións” reguladas polo Art.4 que deberían ser moi poucas máis acaban por ser numerosas.

AS EXCEPCIÓNS

O Apartado 4(1)(a) permite ás institucións recusaren o acceso a documentos relativos à seguranza, defensa, forzas armadas, relacións internacionais e política económica no caso de con a súa desclasificación correr-se o risco de “socavar o interese público” –a chamada “prova de dano” (ou excepción de “interese público”). O cincuenta por cento das negativas do Consello a entregar documentos amparan-se neste artigo.

Isto significa que hai categorías inteiras de documentos excluídas do control público. O concepto de “seguranza do estado”, por exemplo, é invocado para non desclasificar moitos documentos de xustiza ou interior relacionados con casos de “terrorismo”, mesmo cando tratan de resultados policiais (que deberían ser públicos) e non de pormenores operacionais (que lexitimamente deben ser materia reservada).

No que às relacións internacionais se refere, recorre-se às “excepcións” previstas no Art. 4(1) para substraír do escrutinio público feixes de documentos sobre a cooperación EU-EUA. *Statewatch* apresentou dous recursos perante o Ombudsman Europeo e tivo de agardar catro anos para conseguir acceder às axendas dos grupos de altos funcionarios EU-EUA que foron establecidos en 1997 na “Nova Axenda Transatlántica”. A creación destes grupos facilita o diálogo constante entre a UE e os EUA no ámbito de decisións de política global. Pedíamos documentos de apenas unha ou dúas páxinas en que figurava unicamente a relación de asuntos a debater (por exemplo “Iraq”, “terrorismo”, “alerta internacional”, etc.). Cando por fin conseguimos acceder a 35 axendas, foran eliminados 458 parágrafos!!!!

Cando solicitamos documentos relativos à cooperación UE-EUA, a resposta é sempre a mesma: a desclasificación destes documentos “prexudicaria as relacións entre a Unión Europea e os Estados Unidos”. Foi o que se nos dixo cando solicitamos os tratados de extradición e asistencia legal mútua, tratados que teñen implicacións importantes no que aos dereitos humanos di respecto e às propias constituicións dos estados membros.

Cando solicitamos os documentos relacionados con a decisión do Secretariado Xeral de rexeitar o acceso a dous proxectos de tratados UE-EUA argumentamos ser de interese público o debate democrático e a salvagarda dos dereitos humanos. O Consello de Europa respondeu dicendo que o “interese público” da negociación secreta ultrapasava con moito o interese público do debate democrático e a defensa dos dereitos humanos.

En conformidade con a análise da Regulación elaborada o pasado ano pola Comisión, as institucións europeas non aceptaron en nengun caso o argumento de “interese público” alegado polas persoas que solicitaron documentos. Devemos perguntar-nos portanto que entende a UE por interese público e como podemos recorrer a decisión de nos ser negado o acceso aos documentos se son elas quen decide arbitrariamente o que interesa dar a coñecer e o que interesa manter no segredo.

Esta práctica implica que moitos documentos relativos a tratados entre a UE e terceiros estados ou organismos non se publican até estes estaren concluídos ou mesmo teren sido adoptados. E así é de todo punto imposible para os parlamentos e a sociedade civil interviren nesta crucial área política até a política ter sido completamente deseñada, blindando o proceso contra calquer tipo de control

democrático. O Artigo 4 (4) da Regulación combina este problema con outro adicional: outorga a terceiras partes o dereito a veto contra a desclasificación dos seus documentos. Ora, é lexítimo manter en segredo estes documentos que son precisamente os que configuran a política da UE (e portanto as políticas dos estados)? Eu creo que non.

O Artigo 4(1)(b) da Regulación, que permite non desclasificar documentos que vulneran a protección de datos, é así mesmo problemática. A Comisión Europea, amparando-se nesta provisión, recusou-se a desclasificar os nomes de todos os membros de *lobbys* comerciais que mantiveron entrevistas secretas con funcionarios da Comisión. O que contradi a recente interpretación do Supervisor Europeo para a Protección de Datos, que deixa claro que o dereito à protección de datos non debe ser invocado como xustificación para socavar o dereito à información, muito menos en casos como este.

O Artigo 4(2) da Regulación permite igualmente recusar o acceso a documentos que poden prexudicar intereses comerciais. A Comisión estableceu que esta excepción debe ser interpretada en “sentido amplo”, o que supón unha infracción descarada da propia regulación por tanto unha interpretación en “sentido amplo” significa facer da excepción a regra.

Que é precisamente o que acontece con documentos dos servizos legais da UE –tamén amparados polo Artigo 4(2), que non se desclasifican por principio, mesmo cando se trata de asuntos xa decididos. Como podemos portanto confiar que a UE decide en base ao asesoramento dos seus propios servizos xurídicos e non en base aos tratados? Pois, simplemente, non podemos. Despois de coñecermos o ditame do Fiscal Xeral do Reino Unido ao Primeiro Ministro sobre a legalidade da guerra contra o Iraq, desclasificado atendendo ao “interese público” do documento, cabe preguntarmo-nos se é admisível que todos os ditames da UE fiquen fora do alcance da Regulación.

O Artigo 4(3) permite às institucións reteren documentos relativos a asuntos en fase de debate “no caso de a súa desclasificación perturbar o proceso de tomada de decisións”. O principio é que a eficacia do proceso é mais importante que o dereito a saber. Resulta difícil imaxinar argumento mais anti-democrático que este e no entanto, segundo os relatórios do propio Consello, esta é a “excepción” (individual) mais frecuentemente alegada para recusar o acceso a documentos (un terzo do total de negativas).

Este mesmo artigo ampara tamén a non desclasificación de documentos “internos” e “non legislativos”, o que significa que estudos de viabilidade, inspeccións internas, decisións informais, etc., son sistematicamente retidos a menos que se demostre existir “un superior interese público” na súa desclasificación, o que –de continuaren as cousas como até agora— nunca vai acontecer. E así, os documentos previos de que antes falei, os documentos

que mostran onde e en base a qué se toman as decisións políticas, poden permanecer arbitrariamente retidos.

Poñamos outro exemplo. O Director de *Statewatch*, Tony Bunyan, observou hai pouco que a Comisión decidiu transferir a carteira de Protección de Datos do Consello Consultivo de Comercio Interno ao de Xustiza e Interior. Esta decisión ten sérias implicacións pois así como Comercio Interno estendeu e defendeu o dereito à protección de datos persoais, Xustiza e Interior lidera unha política orientada a socavar ese dereito (lembren-se as recentes propostas de “retención de datos” e “principio de dispoñibilidade”, por exemplo). A isto chama-se pór o lobo a guardar as ovellas.

Cando *Statewatch* solicitou os documentos en que se baseara esta decisión, contestou-se-nos que eses documentos non existían. Como recorremos, enviou-se-nos cópia de unha carta do Director Xeral de Comercio Interno (nº 2 da DX) ao Comisionado (nº 1 da DX) en que foran eliminados os principais parágrafos, por tratar-se –argumentava-se— da opinión persoal do Director Xeral! É correcto suprimir esta información? As decisións máis importantes sobre a protección de datos deben tomar-se en base a opinións persoais? Cremos que non.

Lembrems finalmente que tamén o Artigo 4(5) acabou convertido nunha tapadeira na medida en que permite os Estados membros solicitaren non facer públicos os seus posicionamentos nas negociacións. Na práctica todos os posicionamentos son sistematicamente eliminados dos documentos, de xeito que non podemos saber que estados da Unión teñen mais ou menos influencia nas decisións que se toman.

Cabe preguntarmo-nos portanto se na UE uns estados son mais iguais que outros –non no sentido de o seu voto valer mais senón de os seus posicionamentos seren decisivos entre bastidores— e se é admisível que se nos oculte o papel relevante deses estados na política da Unión. Eu, sinceramente, creo que non.

OUTRAS CUESTIÓN

Mais non acaban aquí os problemas. O Consello Europeo –a cimeira semestral de primeiros ministros— non está afectado por esta Regulación. Por qué? Non hai nengunha xustificación. Os Tribunais europeos recusaron adoptar normas de acceso público a documentos. A maioría dos tribunais estatais teñen normas deste tipo, por qué non haberían de té-las tamén os tribunais europeos? A Eurojust ainda non adoptou nengunha norma sobre isto. E o mesmo pode dicer-se das reunións de traballo dos Chefes de Policía da UE.

Agora quereria dicer algunha cousa sobre as resolucións dos tribunais no relativo a acceso a documentos. Creo que houvo 24 casos. Nos primeiros dez casos, en 7 ocasións os tribunais resolveron a favor do demandante, mellorando notavelmente o antigo código de acceso à infor-

mación.. Mais en 11 dos seguintes 14 casos, os tribunais resolveron a favor das institucións.

Desde que a nova Regulación entrou en vigor, o Tribunal de Primeira Instancia da UE, leva visto 6 casos que resolveu a favor do dereito:

- dos estados membros a vetaren os documentos do Consello (en 3 ocasións)
- do Consello a non facer pública a opinión dos seus servizos xurídicos, e
- do Consello a non desclasificar os documentos relativos à elaboración da “listaxes de terroristas” europeas.

Desde que vigora a Regulación, a única “vitoria” da transparencia foi a resolución do Tribunal deitando abaixo unha decisión da Comisión para non entregar un documento alegando ser “demasiado longo”.

Se os tribunais europeos –polo menos os de primeira instancia— están decididos a preservar o que eles chamamos “equilibrio institucional”, teremos de nos perguntar aonde imos.

O FUTURO

En Xaneiro de 2004 a Comisión revisou a Regulación, afirmando a necesidade de todos os organismos cumpriren con a súa obrigaón (aínda que non fixo nengunha recomendación concreta). Tamén aconsellou introducir algunhas melloras nos rexistros públicos –aínda que tamén aquí, por agora, non se aprecia resultado concreto nengun— e tomou outras iniciativas para fomentar o aumento de información fornecida polas institucións. Mais descartou, polo menos de momento, calquer eventual emenda da propia Regulación. Por non saber, nen sequer sabemos cando esta Regulación voltará a ser revisada.

Para as institucións, a Regulación é un éxito. Afirman con orgullo que o 77% das solicitudes feitas ao Consello e o 65% das feitas à Comisión foron resolvidas favoravelmente. Mais tamén poderíamos ver o asunto da outra perspectiva: das solicitudes feitas ao Consello foi denegado o acceso aos documentos nun 33% dos casos (un cuarto), das feitas à Comisión nun 45% (un terzo). E aínda poderíamos dicir que estas cifras carecen en calquer significado no que à transparencia das institucións di respecto porque as estatísticas non esclarecen que tipo de documentos se desclasifican e cais non. Que moitos dos documentos desclasificados xa estaban antes ao dispor do público non é só unha intuición. Por qué non modificar daquela o sistema de maneira que estes documentos aparezan directamente no rexistro público?

Cremos que, infelizmente, camiñamos para un maior secretismo, non para unha maior transparencia. O Tratado da Unión, por exemplo, incluí unha moi preocupante distinción entre medidas legislativas e non legislativas. O principio é que todos os documentos relativos às medidas legislativas han de estar ao dispor do público mais non os documentos que traten de asuntos non legislativos

ou operacionais. O problema reside en que moitas das actividades da UE poden entender-se como non legislativas ou operacionais e no entanto teñen grande transcendencia política. Se retomarmos o exemplo do SIS, veremos que todos os documentos elaborados durante os catro anos que demorou a negociación tiñan carácter “non legislativo”.

CONCLUSIÓN

En Marzo de 2000, o Ombudman europeo, na altura Jacob Soderman, escribiu no *Wall Street Journal* que, sob a nova Regulación non habería en toda a UE un único documento que non puidese ser legalmente retido polas institucións. (e foi duramente atacado, por radical, polo presidente da Comisión). Creo sinceramente que hoxe continua existindo o mesmo problema: a UE non “bloqueou o acceso à información” (en conformidade con o tratado de Amsterdam) e mesmo “procurou o mais amplo acceso à información” (en conformidade con a propia Regulación). Mais en lugar do dereito à información, desenvolveu o dereito a probar sorte. Un dereito que no futuro aínda pode ser mais restrinxido.

Se a UE cré sinceramente na transparencia e a democracia –mais que na protección do *status quo* e o tan caro “espazo para pensar”– nestas alturas deberíamos ter no horizonte novas leis de dereito à información, tanto no ámbito europeo (regulación) como no ámbito dos estados membros (Directivas). As normas de dereito à información dos estados da Unión forzarían os estados opacos a atenderen as reivindicacións dos defensores de estándares mínimos (como, por exemplo, a existencia dun Comisionado independente) e inxectarían unha boa dose da necesaria chamada “democratización” nas institucións da UE. Lamentavelmente, penso que ese día aínda está lonxe, no entanto convido todas as persoas aquí presentes a apoiar o manifesto de *Stewacht* por unha Europa aberta e democrática e o pleno dereito à información na UE.

TODOS TERRORISTAS?

«Facer efectiva a vontade política expresada polos que teñen plena confianza en que o sistema democrático garante a adecuada convivencia da nosa sociedade, e com iso o dereito que a Constitución outorga a todos os cidadáos, obriga a modificar determinadas normas do noso ordenamento xurídico de xeito que se permita facer realidade a decisión de isolar os terroristas, garantindo unha maior eficacia no uso dos recursos de que pode dispor o noso sistema político».

O trecho que acabamos de transcreever é a sucinta exposición de motivos da Lei orgánica 1/2003, do 10 de Marzo, para a garantía da democracia nos Concellos e a

seguraza dos concelleiros. A retórica anti-terrorista do preámbulo serve de motivación a un texto articulado que non ten substantividade de seu, senón que se limita a modificar diferentes preceitos de normas anteriores (o Código Penal, a Lei orgánica de forzas e corpos de seguraza, a Lei orgánica do rexime electoral ou mesmo a Lei de bases do rexime local) con o obxectivo declarado de reducir ao ostracismo non xa os integrantes de organizacións armadas, senón o 'contorno social' que lles serve de apoio. A lóxica da «nao dura» mesmo permitiu pasar como unha medida anti-terrorista a prohibición ás policías autonómicas de axiren fora do seu territorio (artigo 2 da Lei Orgánica 1/2003).

Mas a modificación de normas xerais utilizando argumentos que parecen propios de un estado de excepción pode producir efectos "indesezados". É o que aconteceu recentemente no proceso seguido contra varios sindicalistas de CC.OO. en Ponte Vedra acusados de impedir a celebración de un pleno do Concello, en protesto pola posición da corporación local favorable a un traslado da fábrica da ENCE da súa localización actual. Esta actuación ten un evidente encaixe no novo tipo do artigo 505.1 do Código penal, introducido precisamente pola Lei Orgánica 1/2003: «Incorrerán na pena de prisión de seis meses a un ano os que, sen seren membros da corporación local, perturbaren de forma grave a orde dos seus plenos, impedindo o acceso aos mesmos, o desenvolvemento da orde de traballos prevista, a adopción de acordos ou causaren desordes que teñan por obxecto manifestar o apoio a bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas». Así o entendeu o fiscal asignado ao caso, que formulou acusación por este delito, aínda que a final debeu retirá-la por orde superior, nunha controvertida actuación da Fiscalía Xeral do Estado.

Com independencia da cualificación xurídica que se realice, o caso debe facer-nos reflectir sobre a degradación das garantías xurídicas e do propio ordenamento como consecuencia das obsesións securitarias dos gobernos. Causou arrepiro ouvir declaracións que, sen poren en causa a norma, pretendían evitar a súa aplicación aos sindicalistas de Ponte Vedra afirmando simplemente que se trataba dunha lexislación concebida para outros contextos sociais e outros sucesos, como se o Dereito penal non punise as condutas máis as persoas ou os territorios. Son as consecuencias dunha lexislación non suficientemente contestada no seu momento e que hoxe, mesmo con unha maioría parlamentaria diferente, está infelizmente asentada nos textos legais.

A GUARDA CIVIL E O POSTER DO CHE

Andava na rutina do diário o 14 de Novembro pola mañancía cando comezaron a chegar as primeiras novas de detencións de rapaces independentistas por toda Galicia, nun momento o teléfono botava fume e comezamos a

coñecer a dimensión da "Operación Castiñeiras", argallada polo Grupo de Obtención de Información da Zona de A Coruña da Guarda Civil.

As persoas detidas eran dez, en Lugo, Vigo, Ourense e Compostela. Foi-se organizando a asistencia legal e a información ás familias e recollendo datos para valorar a situación, que era preocupante xa que a imputación era grave (asociación ilícita pola suposta pertenza a AMI das persoas detidas, apoloxía do terrorismo, danos e desordes públicas) e as instrucións viñan da Audiencia Nacional, que acordara o segredo das investigacións.

Doutro punto de vista, coñecendo a realidade do país e con a experiencia anterior do sucedido con a asociación BRIGA, que ten un proceso aberto nun Xulgado de Instrución da Coruña con imputacións similares que, tras a alarma das detencións iniciais, se desinflou por ausencia de contidos criminosos, tampouco parecía que a cousa pudesese ter moita consistencia.

Fixeron-se doce rexistos en vivendas e centros sociais, nos que os policías, como non sabían moi ben o que buscaban, levaban todo (o poster do Che, as cartas de amor do compañeiro de apartamento dun detido, a revista "El jueves" ou os boletíns de ESCULCA, incluído diñeiro e a contabilidade dos centros sociais).

No Cuartel de Compostela os axentes non se mostraban moi belixerantes, algun que andava encarapuchado tirou o capucho xa algo farto del, e pudemos ter contacto con algunhas das persoas detidas, que estaban en boas condicións e non incomunicadas, soubemos que serían centralizadas na Coruña e despois trasladadas a Madrid.

O traslado efectuou-se nun furgón policial, que ten gaiolas individuais isoladas e vixilancia policial, polo que non era necesario iren alxemadas até Madrid aumentando a penosidade das condicións. Ora, ao chegaren à Dirección Xeral da Guarda Civil notaron a hostilidade total: obrigadas a permanecer de pé durante varias horas e aturaren presións psicolóxicas, con humillacións persoais e à lingua galega, interrogatorios ameazantes e forzadas a ouviren berros e golpes nos cuartos contíguos durante toda a noite.

O día seguinte, na Audiencia Nacional, as sensacións comezaron a mudar; o xuíz instrutor era Santiago Pedraz, coñecido pola súa interpretación estrita dos delitos relacionados con o terrorismo e a súa discrepancia con as teorías de "criminalización dos contornos". Sabendo-o persoa acesível, solicitei unha entrevista, que foi concedida e no seu decurso comuniquéi-lle a nosa intención de non declararen nada. Respondeu que ese era un dereito constitucional e ademais, así, remataríamos máis cedo. Pedín-lle poder ter unha entrevista reservada con as persoas detidas e tamén foi concedida.

Informadas estas, só quedaba por ver a reacción do Ministerio Fiscal, mais este non solicitou a prisión para ningunha delas, polo que as declaracións se fixeron rápidamente e a liberdade foi imediata, recibida con grande

alívio e lediza polas dez persoas detidas, que se fundiron en apertas, aínda que tres delas andavan algo amoladas porque lles extraviaran os seus obxectos persoais (billete de identidade, cartón sanitario, axendas, tele-móveis e mesmo, a un deles, os cordóns dos zapatos).

Posteriormente chega a información de que a Audiencia Nacional vai inibir-se aos xulgados galegos, o que significa que non existe nengunha imputación de tipo terrorista nas investigacións, e demonstra que a actuación do Grupo de Información da Guarda Civil forzou a competencia dos tribunais. Provavelmente para evitar que se repetise o acontecido anteriormente con a asociación BRIGA, cando a xuíza da Coruña denegou à Guarda Civil as intervencións telefónicas, os rexistos domiciliarios e a interceptación de correos electrónicos que lle foran pedidos. O proceso dorme agora con o resto de causas.

Neste caso introduciu-se un delito máis grave, o que provocou a intervención da Audiencia Nacional e aumentou a repercusión e alarma, xustificando-se así os rexistos e a conseguinte obtención de información, que queda en poder da Guarda Civil e é inmediatamente procesada sen que importe a sorte que corra o proceso xudicial (que dormirá sen dúbida nalgún xulgado de Galiza).

Entretanto, nós entreteremo-nos tentando que devolvan as cartas de amor e o poster do Che.

HISTÓRIA DOS DIREITOS HUMANOS (E VI)

O CONTRADITÓRIO SÉCULO XX

Do punto de vista dos avances e retrocesos dos dereitos humanos, o século XX é provábelmente o máis complexo e contraditorio de toda a historia da humanidade. A súa abertura foi relativamente esperanzadora sen que por iso as luces deixasen de ir acompañadas, como sempre, de negras sombras. Nos países do centro mundial seguiu progresando o impulso democratizador alimentado polo auxe do movemento obreiro e o crecente activismo político das clases medias. A cuestión política (sufraxio universal, aplicación real de liberdades e dereitos) e a cuestión social (mellora de salários, xornadas, vivenda, educación, asistencia pública) pasaron a primeiro plano. Non obstante, na maior parte do planeta, submetida à dominación colonial das potencias ou encistada en sistemas arcaicos, as cousas seguían máis ou menos igual.

CONSECUENCIAS DA GRANDE GUERRA

A Grande Guerra de 1914-1918, produto da concorrência imperialista polo reparto do mundo, afondou esa diverxencia marcando, con unha extensión e unhas novas técnicas destrutivas e xenocidas sen precedentes, un punto de inflexión para ben e para mal que amosou todas as súas potencialidades nas dúas décadas seguintes. À parte de ser

a parteira do ascenso dos Estados Unidos a primeira potencia mundial en prexuízo do Reino Unido e de Franza, abriu unha cadea de crises económicas e sociais e comocionou as consciencias provocando unha auténtica revolución en ideas, valores e costumes, da que a máis salientábel –pola novidade histórica que implicava– é ceais o comezo efectivo do lento proceso ulterior de igualación dos dereitos da muller, incluídos os políticos.

En todo caso, a resposta à acción combinada destes dous fenómenos foi mui diferente en función das condicións concretas de cada país. Para empezar, o impacto sócio-económico da guerra foi demoledor para os vellos impérios continentais asentados sobre bases arcaicas (Otomano, Austro-Húngaro, Ruso). E neste último xerou unha revolución de novo tipo que, en nome dun socialismo marxista reformulado por Lenin, pretendía facer realidade o soño da igualdade total dos seres humanos destruindo toda forma de explotación económica e de opresión política. Como sabemos hoxe, na práctica isto traduciu-se a longo prazo en grandes progresos nas condicións de vida da grande maioría dos habitantes máis ao prezo de establecer unha temível ditadura de feito que anulou outros dereitos e liberdades e mesmo segregou lentamente unha nova desigualdade sócio-económica.

Nos países máis desenvolvidos, agás Alemaña, dotados ademais dun império colonial formal ou informal que actuava de amortiguador, a vía elexida polos poderosos para salvar a situación foi a consolidación da democracia representativa e a preparación das condicións para o recoñecemento de dereitos sócio-económicos aos traballadores, algo que, en forma de *Welfare State*, non se produciría de modo efectivo até despois da Guerra Mundial de 1939-1945.

En troca, nos derrotados na contenda e nos países europeos de desenvolvemento medio ou baixo, as consecuencias foron xusto as contrarias. A falta de medios para resolveren a crise mediante un reparto lixeiramente máis equitativo do produto social agudizou a luta de clases. Isto, unido ao temor a que a revolución soviética fose imitada nas súas sociedades, levou os grupos sociais dominantes a alentaren reaccións autoritarias de mui diferentes tipos, desde as ditaduras social-católicas de Áustria ou Portugal até os sistemas propiamente nazi-fascistas de Italia e Alemaña, pasando polo rexime híbrido fascista-militar-nacionalcatólico encabezado por Francisco Franco en España ou pola brutal expansión imperialista de Xapón. O resultado foi a conculcación extrema e xeneralizada dos dereitos humanos que acadou o seu máximo histórico absoluto na Guerra Mundial con o Holocausto dos xudeus, con o exterminio de millóns de persoas das poboacións ocupadas polos invasores alemáns e xaponeses na URSS, en China e outros países de Oriente, sen esquecermos prácticas igualmente xenocidas dos que luitaban en nome da democracia como a destrución sistemática, cando o inimigo xa estaba militarmente vencido, das cida-

des además, que implicava a aniquilación masiva da ppopulación civil, e, para fin de festa, as bombas atómicas sobre Hiroxima e Nagasaqui.

O PERÍODO DO APÓS-GUERRA

Este matrimonio terrível da pior barbárie con a mellor tecnoloxía amainou algo tras o final da guerra. Nun acto de contrición hipócrita os vencedores tentaron aparentemente que tais vergoñas non volvesen a repetir-se e para iso montaron a ONU, mais sen dar-lle o poder efectivo para impedir novas guerras e ditaduras, e mesmo aprobaron, século e meio despois da primeira, unha nova Declaración Universal dos Dereitos Humanos, desenvolvida despois en varios convénios internacionais. Estes textos deixaban establecida por primeira vez a escala mundial unha ampla nómina de dereitos da persoa humana e inclusive dos povos.

No plano discursivo os dereitos humanos aparentemente chegaran con éxito ao final do seu longo camiño. Mais a realidade dos últimos cincuenta anos é mui diferente. De certo, se comparamos a segunda metade do século XX con as épocas anteriores, algo se mellorou. Alomenos hai uns principios que serven de referencia e na consciencia da maioría da humanidade está firmemente implantada a idea de que só é lexítimo un sistema que respeta eses dereitos. E isto ven sendo realmente un factor que contribui ao espallamento e a consolidación da dignidade e a liberdade.

Mais só entre a minoría dos privilexiados do planeta. Porque o império efectivo dos dereitos humanos é imposible cando as desigualdades entre individuos e entre Estados e povos están por riba dunha certa cota e, xa que logo, cando supoñen un obstáculo ben sexa para a explotación e dominación selvaxes dunhas clases polas outras, ben sexa para a satisfacción dos intereses económicos ou xeo-estratéxicos dos grandes beneficiários mundiais do sistema capitalista. O fracaso final da grande alternativa a este sistema, o chamado “socialismo real”, fai que en muitas partes as reaccións defensivas contra as agresións do imperialismo de novo tipo (revestido agora de “globalización”) non se guien por ideoloxías que procuran un perfeccionamento da vella nómina dos dereitos naturais senón por mutacións reactivas de relixións e mentalidades arcaicas que practican novos modos de esmagamento deses dereitos. O resultado é unha indesexábel panóplia de retrocesos e *revivals*: prácticas anti-humanas por parte das potencias (guerra de Vietnam, fomento de ditaduras, esmagamento de chechenos, curdos e palestinos, bloqueo e invasión de Iraq), ditaduras que reescreven as piores páxinas do período de entreguerras (Arxentina, Chile, Camboia, Bósnia), condena de países (Haiti) ou de meio continente (África subsaariana) à morte por fame e enfermidades, incremento imparável da miséria en todo o planeta, reximes que retrotraen os dereitos à Idade Média (Irán, Afga-

nistán) e terrorismo islamista. Mesmo nos países “avanzados” está a xurdir unha tendencia ao recorte severo dos dereitos máis elementares (*Patriot Act*, Guantánamo, cadeas secretas da CIA, proxecto de lei anti-terrorista de Blair no Reino Unido).

Xa que logo, nen seguir avanzando está garantido nen a volta atrás é imposible. A necesidade de manter en tensión a sociedade civil na defensa dos dereitos da persoa e dos povos e na luta contra quen sempre está disposto a atopar un pretexto para violá-los é hoxe tan perentoria como en calquer momento anterior do pasado.

NOTÍCIAS

INDULTO PARA AXENTES CONDENADOS POR TORTURA

O pasado mes de Novembro o Consello de Ministros acordou conceder indulto parcial aos axentes da policía local de Vigo condenados por deter ilegalmente e torturar o cidadán senegalés Mamadou Kane.

O 16 de Marzo de 1997 os catro axentes conduciron o Sr. Kane a un monte próximo ao campus universitario e ali mallaron nel e insultaron-no durante unha hora para despois o deixaren en liberdade ao non encontraren xustificación algunha para a súa detención. Tres destes axentes foron condenados a 3 anos de cárcere e 8 de inhabilitación, o cuarto –como indutor do delito– a 4 anos e 10 de inhabilitación.

Agora, grazas ao indulto, solicitado no seu día polo Sr. Ventura Pérez Mariño na súa condición de alcalde de Vigo, Sebastián F.E., Elena F.B., Juan Manuel P.R. e Celso A.B., os policías condenados, poderán continuar exercendo como axentes da orde.

INFORMACIÓN MEIO-AMBIENTAL

Segundo Amigos da Terra, a falta de resposta áxil –ou mesmo a ausencia de resposta– é a norma na actuación das diferentes institucións que deven contestar as solicitudes de información meio-ambiental formuladas por particulares, apesar da normativa que teoricamente garante o dereito de acceso a este tipo de información.

As persoas que se dirixen a estas institucións, afirma a organización ecoloxista, en busca de información solvente e rápida en relación con asuntos que provocan temor canto a eventuais consecuencias negativas sobre o meio ou a saúde, deparan con demoras excesivas cando non con o mais absoluto dos silencios.

Tal é o caso, por exemplo, dos viciños da parroquia da Penela (Lugo), afectados polo fedor procedente de lodos de depuración en montes do contorno que o pasa-

do 4 de Novembro se entrevistaron con o Delegado Provincial da Consellaria de Meio Ambiente para encontraren unha solución ao problema e, aínda que este se comprometeu a encomendar un estudo da situación, non garantiu unha resposta rápida ás dúbidas que hai na parroquia sobre a posíbel insalubridade da zona.

OBSEVATÓRIO DIREITOS LINGÜÍSTICOS

A Mesa pola Normalización Lingüística iniciou os trámites para a constituición de un Observatorio, similar aos que xa existen en Euskadi e Cataluña, cuxa función será velar polos dereitos lingüísticos da poboación galega. A nova entidade propón-se orientar “os centos de queixas por discriminación idiomática” que cada ano recibe a asociación, para além de prestar asesoramento xurídico sobre lingua a institucións e organizacións sociais así como elaborar relatórios anuais referidos ao uso social e ao nivel de cumprimento da lexislación vixente, segundo informan os seus representantes.

CERTAME DEREITOS CIVIS EN GALIZA

O Movemento polos Dereitos Civís convoca concurso aberto à participación de estudantes das universidades galegas. Os traballos que optaren ao premio –consistente nunha viaxe a un país de Latinoamérica– deberán tratar sobre a situación dos dereitos civís na Galiza no ano 2005, analisando posíbeis vulneracións, facendo referencia a temas concretos ou xerais que afecten algun dos dereitos recollidos no Título I da Constitución española, na Carta de Dereitos Fundamentais da UE, na Carta de Dereitos do Consello de Europa ou en calquer outro documento aceptado como garante de dereitos fundamentais.

Mais información: www.movimiento.org

PRIVACIÓN DE LIBERDADE E GARANTIAS

Os días 1 e 2 de Decembro tiveron lugar na Universidade de Barcelona as “Xornadas Europeas sobre Privación de Liberdade e Mecanismos de Garantía dos Dereitos Humanos”.

“Nun momento en que o número de persoas privadas de liberdade nos Estados occidentais non deixa de crecer, esta cuestión resulta crucial.”, afirman representantes do *Observatori del Sistema Penal i els Drets Humans* que organizou o encontro no ámbito de dous importantes proxectos de investigación sobre os sistemas penais europeos (o proxecto *Challenge. The Changing Landscape of European Liberty and Security* e o proxecto *AGIS-Libertà in carcere*).

SUMÁRIO 18/98

Ao reiniciaren-se o pasado mes de Novembro os xuízos contra asociacións, medios de comunicación ou empresas de Euskadi, algúns dos membros da Comisión de Xuristas que asisten às vistas orais fixeron públicas as súas opinións sobre o decorrer do proceso.

Neste sentido, María Luisa Daddabbo, integrante da Rede de Advogados Democratas de Itália e do *Legal Team*, manifestou a súa preocupación polo que considera un mau precedente. Teme que procesos como o 18/98 podan servir de exemplo para outros estados europeos.

Pola súa parte, August Gil Matamala, presidente da Asociación de Advogados Democratas Europeus, declara encontrar motivos “non só de suspensión, senon de nulidade do xuízo” e lembra que existe un acordo da asociación que preside de acompañar de perto o desenvolvemento de todo proceso, tendo en conta –entre outras cousas– o elevado número de advogados que están acusados polo exercicio da súa profesión. “Faremos un relatório pormenorizado ao respecto”, afirma o presidente desta asociación que agrupa máis de 2.000 profesionais do dereito.

DENUNCIAN REPATRIACIÓN ILEGAL DE MENORES

Diversas asociacións de Madrid (*Coordinadora de Barrios, SOS Racismo, Colectivo Al Jaima, Asociación Apoyo, Asociación Madres Unidas contra la Droga, Fundación Raices, Asociación Fanti, Asociación Alucinos*), fixeron público un comunicado denunciando a repatriación de varios menores que vivían en Centros de Acolida desta comunidade. Os menores foron trasladados a Marrocos contra a súa vontade, sen as mínimas garantías (foron encerrados en celas con adultos durante horas e, nalgún caso, durante días) e en condicións humillantes (sen se lles permitir mudaren de roupa, asearen-se ou levaren consigo as súas pertenzas).

Perante o anuncio das autoridades españolas que afirman a súa intención de repetir estas prácticas, as asociacións asinantes peden entre outras cousas:

- o cesamento da aplicación case automática destas expulsións feitas sen garantías e sen se ter en conta o interese superior do menor, por ser un proceso que viola os seus dereitos fundamentais –entre eles o dereito à tutela xudicial efectiva xa que, ao seren repatriados, non poden recorrer nen administrativa nen xudicialmente a decisión das autoridades.

- que se permita a asistencia letrada a estes menores como xa solicitou o Ombudsman europeo durante a súa recente estada no Estado Español.

• que o proceso de integración alicerce nunha auténtica integración social e non se basee en solucións policiais

INVESTIGAR AS MORTES NO VALADO DE MELILLA

Mais de 700 asociacións andaluzas, encabezadas pola *Asociación Derechos Humanos de Andalucía e Andalucía Acoge*, reclamaron ao Fiscal Xeral do Estado que se investigue de oficio a morte de 14 persoas de orixe subsariana no perímetro fronteirizo do Estado Español e Marrocos.

Mais en concreto, as asociacións peden que se investiguen as posibles “actuacións irregulares” cometidas por membros ds Forzas e Corpos de Seguranza do Estado e se valore a eventual “vulneración dos convénios internacionais” polas expulsións de inmigrantes a Marrocos e o posterior “respaldo indecoroso do Goberno às actuacións de Marrocos”, afirmaron Rafael Lara e José Miguel Morales, que –en nome das asociacións– rexistaron no Congreso dos Deputados unha solicitude para que sexa constituída unha Comisión que esclareza estes feitos.

Na súa exposición de motivos, as asociacións enumeran as mortes, o 29 de Agosto, de un ou dous (segundo as diferentes versións) inmigrantes do Camerun como resultado da actuación da Guarda Civil, a morte o 15 de Setembro dun inmigrante de Mali no hospital de Melilla “a consecuencia dun golpe de bola de goma na tráquea”, as mortes de cinco persoas “tiroteadas en Ceuta” o 29 de Setembro e a morte, o 6 de Outubro de outros seis inmigrantes durante as tentativas de asalto ao valado.

IRAQUE: DANOS À POPULACIÓN CIVIL

Iraq Body Count acaba de facer público un estudo (*A Dossier of Civilian Casualties in Iraq 2003–2005*) sobre os danos causados a civís durante a ocupación do Iraque. Trata-se da primeira contaxe pormenorizada das persoas feridas ou mortas durante o período que vai de Marzo de 2003 a Marzo de 2005. As cifras que ofrece o estudo, baseado na análise exhaustiva de mais de 10.000 reportaxes e que incluí o número de persoas civís mortas e feridas, as circunstancias e autoría desas mortes, etc. son, como era previsíbel, en extremo aterradoras.

CIMEIRA MUNDIAL E CENSURA

Mais de 140 organizacións da sociedade civil asinaron un escrito en que instan o Secretário Xeral da ONU, Kofi Annan, a investigar os ataques que padeceron a liberdade de expresión e outros dereitos durante a Cimeira

Mundial sobre a Sociedade da Información que tivo lugar a principios do mes de Novembro en Tunes.

Os asinantes afirman que no período previo à Cimeira e durante o seu desenvolvemento, as agresións incluíron o acoso de delegados, ataques contra xornalistas e defensores –tunesinos e estranxeiros– dos dereitos humanos, a prohibición de entrada no país a algunhas persoas, o bloqueo de sitios *web*, a censura de documentos e discursos así como a interrupción de asembleas.

REDE EUROPEA DE LIBERDADES PÚBLICAS

O pasado día 19 de Novembro tivo lugar en Bruxelas o lanzamento da Rede Europea de Liberdades Civís (*European Civil Liberties Network*). Esta plataforma, fundada por oito grandes asociacións europeas e un nutrido grupo de persoas de recoñecida traxectoria na defensa dos dereitos e as liberdades, nasce con o propósito de documentar e analizar a situación das liberdades democráticas en Europa, ofrecer información à sociedade e converterse nun espazo de troca de experiencias e colaboración entre os colectivos que traballan no ámbito das liberdades públicas.

Constituen a rede, para alén das persoas e grupos fundadores, un elevado número de asociacións europeas, entre elas EsCULcA.

A ECLN abriu a súa páxina (www.ecln.org) con un importante brazado de ensaios sobre a situación dos dereitos e liberdades públicas na Unión Europea: “As regras do xogo” (A. Sivanadan), “Encanto Europa dorme...” (Tony Bunyan), “Non hai equilibrio entre seguranza e liberdades públicas, simplemente míngua de ambas as dúas” (Ben Hayes), “Lampedusa, banco de probas da privatización das fronteiras da UE” (Lorenzo Trucco), e vinte traballos mais, todos eles de grande interese informativo.

EMIGRACIÓN E DEREITOS HUMANOS

As organizacións europeas de defensa dos dereitos humanos, alarmadas pola actuación dos gobernos español e marroquino contra centos de persoas africanas que tentan entrar en Europa, alertan a opinión pública da extrema gravidade da situación e solicitan apoio ao Manifesto “Apelo europeo pola dignidade- A Europa-fortaleza vai directa contra o muro da vergoña”

Para apoiar o manifesto: www.apdha.org

COMO NOS FILMES

Os últimos documentos declasificados a requirimento de varias asociacións norte-americanas (*American Civil Liberties Union, Center for Constitutional Rights, Phy-*

sicians for Human Rights, Veterans for Common Sense and Veterans for Peace) confirman mais unha vez que os abusos e torturas contra persoas detidas no Iraque son práctica cotidiana.

Estes documentos revelan tamén a absoluta falta de información dos soldados estado-unidenses no que às normas internacionais para o tratamento de prisioneiros di respecto. Caréncia que provocou xa varias mortes e que eles supren, declaran os propios militares, con o que “lembram teren visto nos filmes”. Os documentos mostran tamén que a falta de formación destes soldados está na base de moitas das mortes que acontecen nas prisións iraquianas sob control dos EUA.

PROCESADOS POR NON REVELAREN FONTES

Katherine Cornier, xuíza de instrución de Nanterre, acaba de procesar cinco xornalistas franceses por non revelaren as súas fontes de información, segundo informa *La Vanguardia* e recolle o Sindicato de Xornalistas (www.xornalistas.com/)

RETENCIÓN DE DATOS

“Se o Parlamento Europeu acepta sen emendas a proposta do Consello, terá liquidado os seus principios no que a dereitos e liberdades públicas di respecto”, concluí o profesor Steve Peers nun interesante artigo publicado por *Statewatch* (“*The European Parliament and data retention: Chronicle of a 'sell-out' foretold!*”) en que analiza o proxecto de normativa que foi debatido e aprobado en Decembro. “Van ser retidos máis datos e van se reter durante o duplo de tempo que pretendía o Parlamento Europeu (período, aliás, prorrogábel a petición dos Estados) e a retención non estará regulada, no esencial, por unha normativa da UE. Na práctica” –afirma Peers– “o texto que propón o Consello dá carta branca aos Estados Membros para actuaren segundo o seu parecer”.

Entretanto, 38 asociacións europeas dirixiriron un escrito aos membros do Parlamento instando-os a rexeitar unha directiva que consideran ilegal e perigosa, e lembrando-lles que o Consello espera do Parlamento Europeu a aprobación de medidas que moitos dos parlamentos dos Estados membros recusaron, como aconteceu, por exemplo no parlamento do Reino Unido. “O Consello –e a propia presidencia británica– tenta facer cómplice o Parlamento europeu deste acto de lavaxe política”, afirman as asociacións asinantes do escrito.

Mais información: www.statewatch.org e www.privacyinternational.org

ONGS BAIXO SUSPEITA

A Comisión Europea propón agora o rexisto obrigatorio de todas as asociacións sen ánimo de lucro que existen na UE como máis unha medida na “guerra contra o terrorismo”. A proposta será considerada polo Consello e os primeiros pasos que xa se deron neste sentido poden consultar-se no EU doc nº: 14694/05.

NOMEAMENTO INADMISÍVEL

A Associação contra a Exclusão pelo Desenvolvimento (ACED) denunciou publicamente a decisión do Consello de Europa de nomear membro do Comité Europeo para a Prevención da Tortura o anterior Director Xeral dos Servizos Prisionais Portugueses –Celso Manata– coñecido polas súas tórbidas actividades e a crueldade con que actuou contra as persoas presas no exercicio do seu cargo.

“O Sr. Celso Manata asumiu o cargo máis elevado do sistema prisional portugués na secuencia da demisión do seu superior hierárquico (Marques Ferreira) ameazado de morte despois de ter denunciado publicamente estarem as prisións portuguesas fora do control da legalidade e da cadeia de comando do sistema prisional”, afirma a ACED, que tamén lembra a brutalidade exercida contra os internos da prisión de Caxias en 1996 cando, simulando reprimir un motín que en realidade nunca chegou a existir, Manata evitou que varios xornalistas pudesen obter información sobre a situación no interior do cárcere. Recordamos así mesmo as súas manobras contra asociacións de apoio ás persoas presas e diversos casos individuais en que pudo ser demostrada a responsabilidade directa deste señor na práctica de tratamentos cruéis e degradantes.

A Coordinadora para a Prevención da “Tortura vai presentar de inmediato unha queixa formal perante o Consello de Europa contra esta inadmisível decisión que afecta non só un dos seus estados membros senon o conxunto da Unión Europea.

VOOS DA CIA

“O goberno de Gerhard Schröder tiña información pormenorizada das actuacións da CIA en Europa –e non dixo nada. Funcionarios da administración alemá terían mesmo cooperado activamente con estas actuacións”, afirma Matthias Gebauer no seu artigo “A CIA en Europa. O silencio de Berlín” publicado o 5 de Decembro no *Spiegel*, xornal que –xunto con *Washington Post* e outros medios– manifesta ter encontrado probas suficientes para poder afirmar que o goberno alemán foi cómplice destas actividades ilegais.

PROTOCOLO FACULTATIVO

A historia de Khaled Masri, cidadán alemán secuestrado e conducido a Macedonia a finais do 2003 para despois ser trasladado a Afganistán (Xaneiro de 2004) onde foi interrogado e torturado durante meses, sen se encontraren probas dunha eventual vinculación a grupos islamistas, é un dos casos máis coñecido. Agora, grazas ás investigacións do fiscal, o seu advogado e varios xornalistas, sabe-se que o embaixador dos USA informara Otto Schily en Maio de 2004, altura en que era Ministro de Interior do goberno Schröder, da necesidade de traer o Sr. Masri de regreso a Alemaña sen chamar a atención. Schily aceptou ser discreto e Khaled Masri foi trasladado nun Boeing 737 rexistado con o número N33P, e propiedade dunha compañía con conexións con a CIA, que fixo escala en Palma de Mallorca.

Mohammed Haydar Zammar, cidadán alemán de orixe siria, desapareceu en Marrocos en estrañas circunstancias a finais de 2001 e, conducido ao seu país de orixe pola CIA, foi interrogado con os métodos que alí son habituais. Non hai constancia de o goberno alemán ter tido coñecemento disto, mas si os servizos de intelixencia que, interesados en interrogar directamente Haydar Zammar por considerá-lo comprometido no recrutamento dos secuestradores suicidas do 11-S, conseguiron que altos representantes do goberno alemán chegasen a un acordo con o goberno sirio: aquel retiraría a acusación contra dous supostos axentes sirios en troca de os servizos alemáns poderen interrogar Haydar Zamar. En Novembro de 2002, unha comisión alemá viaxou a Damasco e interrogou Haydar Zamar nun centro de detención clandestino.

Tamén no caso de Abdelghani Mzoudi and Mounir al-Motassadeq, imputados por colaboración nos atentados do 11-S, o goberno alemán negou-se a desclasificar –a instancias dos USA- importantes documentos que poderían conter probas incriminatórias contra a CIA. E mais grave aínda, se callar, foi a súa colaboración no caso de dous cidadáns iemenis atraídos con un engodo a Frankfurt pola CIA: funcionarios alemáns participaron na instalación de micrófonos nos cuartos de hotel e entregaron posteriormente os dous homes aos Estados Unidos.

Pola súa parte o Centro para os Dereitos Humanos e a Xustiza Global da Universidade de Nova York, publicou recentemente un relatório (*Torture By Proxy, International and Domestic Law Applicable to Extraordinary Renditions*) en que denuncia a violación das normas internacionais que representa a chamada Entrega Extraordinaria de persoas e as responsabilidades en que incorren os estados que na práctica colaboran con estas actividades ilegais. “Actos aparentemente inócuos como permitir escalas técnicas, poden violar a lexislación internacional se con iso se facilita a Entrega Extraordinaria.”, afirma Meg Satterthwaite, Directora do Centro. “De acordo con a lexislación humanitaria internacional, todos os estados teñen que tomar medidas para evitar calquera cooperación con estes actos ilegais.”

Fonte: www.cageprisoners.com

O 10 de Decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos, eran 49 os estados que tiñan asinado o Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura e 16 os que xa o ratificaran. Tendo en conta que con 50 estados asinantes e 20 ratificantes, comeza a conta atrás para o Protocolo iniciar os trámites da súa posta en funcionamento, é de esperar que a inicios do próximo 2006 se poda pór en marcha o proceso con a participación activa das persoas e asociacións que levan anos traballando pola eliminación desta lacra social.

A *Association pour la Prévention de la Torture*, organización de orixe suíza a que se debe en grande medida a aprobación dese Protocolo, salienta na súa páxina *web*, onde informa día a día do desenvolvemento da campaña mundial, o importante papel que desempeñaron no estado español os colectivos que integramos a Coordinadora para a Prevención da Tortura e afirma o seu compromiso de apoiar esta plataforma para garantir que o futuro comité de visita e control aos centros de retención conte con a participación activa de persoas e asociacións que garantan a eficacia do mecanismo.

CON OU CONTRA

“Os nosos tribunais son hoxe motivo de orgullo por teren dito ben claro ao goberno e aos gobernos de todo o mundo que deben decidir se están con nós ou contra nós na luta contra a tortura”, manifestou o 8 de Decembro Shami Chakrabarti, Director de *Liberty* en referencia à resolución da Cámara dos Lordes que establece a absoluta prohibición de utilizar probas obtidas sob tortura e parafraseando a xa célebre afirmación de Condoleezza Rice sobre a decisión que teñen que tomar os gobernos europeos (estaren con ou contra os EUA na luta contra o terrorismo).

“Fica definitivamente claro que as confesións extraídas mediante malleiras, *shocks* eléctricos, extracción de uñas, etc. non teñen cabida no sistema legal inglés”, concluiu o presidente de *Liberty*.

Mais información: <http://www.liberty-humanrights.org.uk>

ASALTO À PRENSA

“O goberno dos EUA libra unha guerra sen precedentes contra as prácticas xornalísticas que garanten non só a liberdade de prensa senón tamén a propia democracia”, afirma *Free Press (Bush's war on the Press)*. “O Cuarto Poder comeza a dobregar-se contra esta política que alianza a intimidación, difamación e descrédito do xorna-

lismo de investigación, o que permite o presidente e os seus parceiros mentir con toda impunidade. A administración Bush manipula a información mediante grandes campañas de propaganda, subornos a xornalistas, publicación de noticias falsas, eliminación do disenso nos medios de titularidade pública, medidas para propiciar a concentración dos medios privados e vaciado de contido da Lei de Acceso à Información.”

Sobre este último aspecto, *Free Press* lembra que en 2001 John Ashcroft, Fiscal Xeral do Estado, enviou un arrepiante memorando às delegacións federais do Departamento de Xustiza comunicando a súa intención de defender calquera negativa a entregar información solicitada ao amparo da FOIA (Lei de Dereito à Información). De feito, desde a chegada de Bush à Casa Branca os documentos clasificados como secretos aumentou nun 75%, pasando dos 9 millóns de 2001 aos 16 millóns de 2004.

Por outra parte, o goberno Bush practica unha forma aínda máis agresiva e sutil de limitar este dereito restrinxindo o acceso à información de documentos desclasificados en librerías, arquivos, bases de datos oficiais e na rede, concluí Steven Aftergood, director do proxecto de investigación sobre o secretismo do goberno da Federación de Científicos Americanos.

Mais información www.freepress.net/presswar /

BIBLIOTECA

O *Instituto Federal de Acceso a la Información Pública* mexicano ven publicando desde hai uns anos interesantes traballos sobre o Dereito de Acceso à Información (*Cuadernos de Transparencia*) que tratan diversos aspectos relacionados con o exercicio deste dereito que a lexislación mexicana reconece desde el 11 de Xuño de 2002.

Corrupción, dos anxos aos índices (de Federico Reyes Heróles), *O Dereito à Privacidade* (Fernando Escalante Gonzalbo), *O que é a rendición de contas?* (Andres Schedler), *Estado e Transparencia: un paseo pola filosofía política* (Jesus Rodríguez Zepeda), *A Transparencia como problema* (Rodolfo Vergara), *O íntimo, o privado e o público* (Ernesto Garzón Valdés), *Leis de Acceso à Información no Mundo* (John M. Ackerman e Irma E. Sandoval), *Transparencia e partidos políticos* (Jacquelin Peschard), *O Dereito de Acceso à Información en México. Un diagnóstico da sociedade, Transparencia. Libros, Autores e Ideas* (Coordenador Mauricio Merino) forman un brazado de traballos que xuntan à brevidade e clareza expositiva, unha moi importante información sobre o funcionamento práctico de unha normativa que permite e promociona o acceso de todas as persoas à información en poder das institucións públicas e sobre os beneficios que da aplicación de un instrumento destas características decorren para a vida democrática da sociedade.

A estes ensaios, temos de acrescentar os folletos divulgativos que tamén publica o IFAI para facilitar a un público máis amplo o coñecemento da importancia e funcionamento práctico da lei: *Transparencia, acceso à información e sociedade civil, Acceso ou corrección de datos persoais, O que é o IFAI?, Guía práctico para o acceso e modificación de datos persoais. Falta de resposta a unha solicitude de información, Recurso de revisión*, etc. son os títulos de algúns destes interesantes folletos.

S

APRESENTACIÓN

1...
2...

U

PERSONA NON GRATA

2...

M

SOCIEDADE, PODER, INFORMACIÓN

4...

A

PRINCIPIOS DE JOHANNESBURGO

9...
11...
15...

R

**NOVAS LEIS BRITÁNICAS:
O DIREITO A SABER**

**HISTÓRIA DOS
DIREITOS HUMANOS (III)**

I

COÑECEMENTO E PODER (IV)

O

NOTÍCIAS

BIBLIOTECA

C

O

L

A

B

O

R

A

N

Pedro Bouso Cedrón
Justo G. Beramendi
José Ángel Brandariz
Xoan Cons
Gustavo García
Manuel Janeiro
Héctor López de Castro
Celso López-Pazos
Ramón López-Suevos
Gustavo Luca de Tena
Fernando M. Randalfe
Miguel Anxo Murado García
Guillermo Presa
Anxo Quintela
X. A. Ramos
Elvira Souto
Vitor Vaqueiro

